

ARTE DO S.XIX. POSTIMPRESIONISMO

OBRA: A NOITE ESTRELADA

AUTOR: **Vincent VAN GOGH** (1853-1890)

CRONOLOXÍA: 1889

ESTILO: Postimpresionismo

TÉCNICA: Óleo sobre lenzo

MEDIDAS: 73 cm x 92 cm

LOCALIZACIÓN: MOMA, New York



VAN GOGH

Nado en Holanda, Van Gogh (1853-1890) formouse en París coa vangarda impresionista baixo o apoio incondicional do seu irmán Theo. Foi un artista solitario e incomprendido. Toda a vida do artista, cos seus arranques relixiosos e humanitarios, a súa irresistible vocación pola pintura, as súas crises espirituais, foi un cúmulo de dificultades e sufrimentos, rematando no seu suicidio en 1890. Fillo dun pastor protestante, empezou traballando nunha empresa adicada ao mercado artístico. Despois de varios oficios – non sabe o que quere facer, le, debuxa, ten crises relixiosas, leva unha vida errante e desexa ser útil-, foi enviado como misioneiro a unha zona mineira de Bélxica. Esta experiencia será fundamental para que na década de 1880 se decida finalmente a converterse en pintor. Neste camiño contará coa axuda do seu irmán Theo, marchante de arte.

A formación artística de Van Gogh foi atormentada e desordeada, en medio de decepcións persoais e grandes apuros económicos. Sen embargo, traballa constantemente, progresando e adquirindo unha crecente mestría técnica e unha forma de expresarse moi particular. Abonda no emprego da cor como recurso expresivo, seguindo o camiño de Delacroix, de quen se confesaba admirador. O seu descubrimento do Impresionismo en 1866 en París significou unha forte ruptura coa súa obra anterior, traballando en obras de factura impresionista que combinaban unha paleta clara coa descomposición dos obxectos en minúsculas pinceladas de cores puras que o ollo de quen mira debía reconstruír para formar un todo; pero a diferenza dos impresionistas, Van Gogh realizaba os contornos das figuras con liñas escuras. Coñece a distintos artistas novos como Toulouse-Lautrec, Pissarro ou Gauguin, co que se relaciona particularmente. Ao igual que eles, valora o Impresionismo pero queren ir máis aló do conseguido por este movemento. Así, Van Gogh asimilará o emprego arbitrario da cor ou as pequenas pinceladas separadas.

Apartouse logo do Impresionismo, adecuado para captar as sensacións visuais instantáneas pero que non lle permitían expresar as súas emocións a través da cor. En 1888 trasládase ao sur de Francia, a Arlés (Provenza), unha rexión que o marabilla polos campos en flor, o sol e a luz mediterráneos, pero a súa existencia material alí foi moi precaria ao non conseguir vender nada. Emprega pinceladas ondulares e cores azuis, verdes e amarelas intensas tan características dalgunhas das súas obras máis famosas (*Habitación de Arlés*, *Retrato do Dr. Gachet*). Durante un breve tempo reúnese alí co seu amigo Gauguin, ao que admiraba pero tamén co que chocaba ao mesmo tempo. Traballaron xuntos pintando sen descanso, pero os seus temperamentos eran moi distintos, con frecuentes discusións que alteraban os nervos de Van Gogh. Finalmente, este atacaría ao seu compañeiro cunha navalla, automutilándose a continuación cortándose unha orella. Esa foi a primeira dunha serie de crises violentas que marcarían os últimos anos deste pintor. Neste período a súa pincelada tórnase máis ondular e nervosa. Van Gogh entraría entón nun hospital psiquiátrico durante un ano, traballando constantemente, pero sen chegar a curarse da súa enfermidade, que o levaría a suicidarse en 1890.

Durante a súa trágica vida non tivo ningunha repercusión no mundo artístico. Coñecido por moi

poucos pintores e marchantes, non pasou de ser visto como un excéntrico perigoso e tivo que esperar a un tempo despois da súa morte para ser valorado como un auténtico xenio. Fronte á racionalidade de Cézanne, Van Gogh entendía a pintura como un medio de expresión da súa extraordinaria e trágica emotividade. A súa obra, amplísima pese a estar realizada en menos de dez anos, foi a creación dun xenio que plasmou sobre lenzo a súa realidade interior proxectándoa sobre os obxectos cotiáns. Aínda que participando nalgúns prantexamentos impresionistas (pintura ao aire libre) e postimpresionistas (admirador do *puntillismo* de Seurat), Van Gogh retomou o debuxo contorneando con forza e vigor as figuras e utilizando a cor, poderosísima, independentemente da luz. A cor resplandecente é gran protagonista das súas obras. Emprégao con pinceladas densas de cores puras que, fragmentadas ou onduladas, provocan unha vibración óptica en todo o lenzo, expresando así o seu propio e inestable estado anímico. Van Gogh logra a profundidade espacial usando pinceladas máis longas e separadas en primeiro plano e, ao fondo, máis pequenas e compactas. Nos seus interiores usa extraños xogos de perspectivas e de contrastes de luz.

COMENTARIO

A temática, paisaxe nocturna repleta de estrelas, serve ao artista como excusa para expresar a súa aproximación mística á natureza e a súa fonda anguria vital, pois está pintada durante a súa estancia voluntaria no hospital psiquiátrico de Saint-Rémy. Presenta unha paisaxe deformada como recurso expresivo, que reflicte o momento no que se atopaba o artista. De feito, as estrelas que brilan e iluminan artificialmente o ceo, parecen ser un símbolo da última esperanza de salvación para o artista que neses momentos vivía unha das súas crises. A paisaxe que vemos non é a vila real, senón unha recreación do propio artista. Durante a etapa de Saint-Rémy na que pinta esta obra, Van Gogh amosouse moi sensible ao movemento presente na súa obra a través de dúas formas básicas e contrapostas: a liña curva, ondulante e de trazo continuo, e as liñas rectas trazadas a base de raías.

A ámbolos dous elementos combinados na súa obra transmiten unha enerxía intranquila e chea de tensión. Así vemos o contraste entre a pequena vila, escura e durmida, tan so iluminada polas tenues luces dalgúns casas (representadas por pequenas manchas horizontais amarelas) e o espectáculo celeste (un movemento arremuiñado, case místico, iluminado polas estrelas e a lúa). O cadro divídese en dous planos diferenciados, separados pola liña das montañas. As liñas das montañas do horizonte ondúlanse a semellanza do ceo, nunha dirección ascendente de esquerda a dereita. Na metade inferior do cadro obsérvase a vila, cuxas casas aparecen representadas con trazos rectos, sobresaíndo o campanario puntiagudo (elemento vertical que racha a horizontalidade da composición).

Nesta obra incorpora dous dos seus motivos figurativos favoritos nesa época: os cipreses, que lle interesan a partir de 1889 e que destacan polo seu ímpetu ascensional e as escenas nocturnas, que pintaba ao aire libre, axudados por candís que colocaba arredor do lenzo e no seu sombreiro.

O ceo estrelado é o auténtico protagonista e ocupa case todo o lenzo. O tema da noite estrelada enlazaba coas crenzas de Van Gogh sobre a morte e a eternidade: a morte non era máis que unha viaxe ás estrelas, e o ceo estrelado era unha especie de mapa desa viaxe. A presenza do ciprés, árbore relacionada cos cemiterios e o eterno, intensifica a mensaxe. Os cipreses abundan nos cadros pintados por Van Gogh neste período, e son moi característicos polas súas formas ondulantes, que recordan a lapas, elevándose e unindo os dous planos da obra. Semella querer amosarnos un universo non estático no que as distintas forzas parecen loitar entre sí. Non hai calma nin quietude, senón un movemento semellante a un remuíño que percorre o cadro, movemento ascendente que tamén se transmite no ciprés (o elemento máis escuro do cadro), árbore que parece servir de conexión entre o mundo terreal e o celestial. Fronte ao movemento do ceo e da natureza contrasta a quietude e a serenidade que transmite a vila, como se o artista quixera destacar a actitude do home, allea ao espectáculo da natureza que se celebra ante os seus ollos.

A obra destaca pola súa horizontalidade. Só as verticais dos cipreses da esquerda e a torre da igrexa levan a nosa ollada cara a parte superior. Nun primeiro plano aparecen dous cipreses, un grande que se eleva ata o límite superior do lenzo, e outro máis pequeno que adquire forma de lume. O dinamismo vertical aparece en ámbolos dous e tamén na agulla da igrexa, contrapoñéndose ao remuíño horizontal das estrelas, dúas enormes espirais que se enroscan e axitan no ceo azul, e que se unen a once estrelas máis e unha enigmática lúa laranxa que se confunde co sol, o que provoca que unha luz amarela se extenda por

todo o horizonte. A cidade, en primeiro plano, trázase a partir de liñas rectas e formas xeométricas básicas como rectángulos, triángulos, cadrados e pentágonos, en contraste coas liñas curvas que enchen o ceo.

En canto aos elementos plásticos, as pinceladas son nervosas, sinuosas (hai teorías que din que puideron ser pintadas cos dedos) e rápidas, transformándose en estrelas no firmamento e danlle aos cipreses unha gran vitalidade e movemento, mentres que grosas pinceladas con liñas rectas e negras conforman as casas da vila. A cor é aplicada en manchas aplicadas co pincel en pequenas pinceladas, alongadas e rectas ás veces, curtas e onduladas outras, substituindo ao debuxo, de xeito que tan só algunhas liñas escuras serven para dar forma aos elementos máis físicos e materiais do cadro (as casas, as montañas, os cipreses). A paleta cromática non é fiel ao modelo, senon que transmite as impresións persoais do artista no momento de pintalo. O verde dos cipreses e o amarelo das luces celestes e das xanelas axudan a reordear un espazo invadido pola cor azul. O amarelo e o azul serán, xunto co verde e o laranxa, as cores favoritas do pintor. A gama cromática nesta obra é fría (predominio de azuis, celestes, verdes e grises), pero como contrapunto cromático emprega o laranxa e o amarelo, cores complementarias do azul predominante na obra. Usa e aplica o óleo coa técnica de empaste, a base de pinceladas vigorosas e curtas, que contribúen á forza expresiva da obra.

A composición revela a importancia que o coñecemento das estampas xaponesas tiveron no artista, pois era un home culto que non só coñecía aos artistas da súa época e anteriores, como Millet, de quen se confesaba admirador, senón tamén das cromoxilografías que a mediados do S.XIX chegan por primeira vez a París e das que era un gran coñecedor. De feito, o emprego do ciprés nun primeiro plano, desvela o coñecemento do artista en canto as composicións niponas: un elemento en primeiro plano reordena o resto da composición. Este tipo de reordenamento do espazo ou composicións foi empregado por Van Gogh en moitas ocasións, e pódese apreciar tamén nas copias que fixo de artistas xaponeses.

Van Gogh abandoa o desexo dos impresionistas de plasmar a realidade do natural e realiza unha pintura chea de simbolismo e expresión. A importancia de Van Gogh e a súa influencia queda patente en boa parte da arte do S.XX, sobre todo en Matisse e os *fauvistas*, que apostaron por unha pintura onde a cor é independente do obxecto, polo emprego de rexistros cromáticos violentos, o debuxo de trazo moi marcado e o uso subxectivo da cor. Tamén influíu notablemente nos expresionistas alemáns do grupo *Die Brücke* (A ponte), no emprego de cores intensas, das formas deformadas e da expresión dos sentimentos dun xeito impetuoso.